Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // *C.P.:* 15175// *Tel.: 981670002 Fax:* 981 6722 82// *C.I.F.: P-1502100 I*

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DAS BASES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN DUN/HA TRABALLADOR/A (AUXILIAR ADMINISTRATIVO)PARA O DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAS DO CONCELLO DE CARRAL (A TEMPO PARCIAL E DURANTE O TEMPO DE IT DA AUXILIAR ADMINISTRATIVA DO DEPARTAMENTO DE SS) E AUTORIZACIÓN DO GASTO.

EXPEDIENTE: 2018/G003/000393

Asunto: contratación dun/ha traballador/a para o departamento de Servizos Sociais do Concello de Carral (con categoría profesional de auxiliar administrativo, a tempo parcial, na modalidade contractual de obra ou servizo determinado durante o tempo de baixa por IT da auxiliar administrativa do departamento de Servizos Sociais).

Tendo en conta que o departamento de Servizos Sociais deste Concello está composto por dúas traballadoras sociais, unha educadora social e unha auxiliar administrativa que realiza tarefas de apoio administrativo ao departamento e que actualmente se atopa de baixa por IT cunha duración estimada longa segundo o último parte de confirmación.

Tendo en conta a necesidade de cubrir a ausencia desta traballadora para o correcto funcionamento do servizo e atendendo á solicitude da concelleira responsable deste, dona Florinda Duarte Gerpe, onde se insta a esta Alcaldía e ao departamento de Persoal para que se contrate un/ha auxiliar administrativo/a, a tempo parcial, por obra ou servizo determinado e durante o tempo de baixa por IT da auxiliar administrativa do departamento.

Tendo en conta o informe dos servizos municipais do 25 de setembro onde se estiman os custos a asumir polo Concello coa posible contratación dun/ha traballador/a segundo a solicitude da concelleira de Servizos Sociais así como as bases elaboradas polo departamento de Persoal e que rexerán o procedemento de selección.

Logo de ver o informe de fiscalización da Intervención (emitido o 11 de outubro de 2018 en relación á miña proposta do 28 de setembro de 2018), no que se indica que *"(...) PRIMEIRO.- (...) considérase axustado á legalidade a contratación de persoal laboral para a cobertura deste posto. (...) TERCEIRO.- (...) o sistema selectivo de concurso libre e entrevista persoal recollido nas bases considérase axeitado á legalidade. (...) SEXTA.- (...) verifícase a existencia de crédito máximo, conforme o sinalado no informe da técnico de Administración Xeral do Concello, na aplicación presupostaria 231.131.00 (bolsa de vinculación 2,1) por importe de 25.9999,84€ e por importe de 7.058,96€ na aplicación 213.160.00, para o exercicio 2018. Sendo necesario dotar crédito para o exercicio 2019 (...)".*

Considerando canto dispón a lexislación aplicable, e en uso das atribucións que a esta Alcaldía outorga o art. 21.1.a) e g) da Lei 7/85, do 2 de abril e concordantes

RESOLVO

1.- Advocar singularmente neste caso (para poder iniciar a prestación do contrato á maior brevidade posible) a atribución delegada na Xunta de Goberno Local mediante o meu decreto 294/2015, do 6 de xullo de 2015, correspondente a *"aprobación da oferta de emprego público, das*

FIRMADO POR José Luis Fernández Mouriño (FECHA: 11/10/2018) , Sonia Campos Ares (FECHA: 11/10/2018)
Decreto Número: 389/2018 - Fecha de decreto: 11/10/2018
Versión imprimible
CVD: 0Vb+Mh/7Or/GyaN6Jd+O
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

bases das probas para a selección de persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo".

2.- Aprobar as bases que rexerán a contratación dun/ha traballador para departamento de Servizos Sociais do Concello de Carral (categoría profesional de auxiliar administrativo, a tempo parcial, na modalidade contractual de obra ou servizo determinado durante o tempo de baixa por IT da auxiliar administrativa do departamento de SS) que quedan incorporadas como anexos de resolución, e autorizar o gasto correspondente. Nas bases indícanse as funcións e tarefas obxecto de contratación, requisitos específicos da persoas aspirante, duración máxima do contrato, retribucións, tipo de contrato, criterios de selección das persoas candidatas e sistema de publicidade da convocatoria

3.- Designar como instrutora dos expedientes, a efectos do indicado no punto 4º das bases, á técnica xurídica do Concello, dona Sonia Campos Ares.

4.- Ordenar a continuación do procedemento de selección de conformidade coas bases aprobadas.

Carral, na data de sinatura dixital que figura á marxe

O ALCALDE

José Luis Fernández Mouriño

Visto o decreto,

A SECRETARIA ACCIDENTAL

Sonia Campos Ares

FIRMADO POR José Luis Fernández Mouriño (FECHA: 11/10/2018) , Sonia Campos Ares (FECHA: 11/10/2018)
Decreto Número: 389/2018 - Fecha de decreto: 11/10/2018
Versión imprimible
CVD: 0Vb+Mh/7Or/GyaN6Jd+O
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.